

# **Informe de necesidade e idoneidade do contrato e insuficiencia de medios**

## **Subministración de Cesión de Dereitos de Uso e Soporte sobre o produto SPSS Statistics Premium e Amos Campus Edition ou equivalente**

CPV 48000000

Paquetes de software e sistemas de información

Maio, 2024

## ÍNDICE

|                |  |          |
|----------------|--|----------|
| <b>1</b>       | <b>Órgano de contratación</b>  | <b>1</b> |
| <b>2</b>       | <b>Expediente e características</b>  | <b>1</b> |
| <b>3</b>       | <b>Consideracións Legais</b>   | <b>1</b> |
| <b>4</b>       | <b>Características da Licitación</b>   | <b>1</b> |
| 4.1            | Obxecto do Contrato  | 1        |
| 4.2            | División por lotes   | 2        |
| 4.2.1          | Xustificación .....  | 3        |
| 4.2.2          | Idoneidade do obxecto da licitación para satisfacer a necesidade .....   | 3        |
| 4.3            | Reserva de lotes a centros especiais de traballo e empresas de inserción laboral   | 4        |
| 4.4            | Insuficiencia de medios  | 4        |
| 4.5            | Réxime económico   | 4        |
| 4.5.1          | Orzamento base de licitación.....  | 4        |
| 4.5.2          | Valor estimado do contrato .....   | 4        |
| 4.5.3          | Proceso de xustificación de prezo .....  | 5        |
| 4.5.4          | Expediente de tramitación anticipada .....   | 12       |
| 4.5.5          | Distribucións anuais .....   | 12       |
| 4.5.6          | Prezo .....  | 12       |
| 4.6            | Duración do Contrato   | 13       |
| 4.7            | Esixencia de garantía provisional  | 13       |
| 4.8            | Procedementos de adxudicación  | 13       |
| 4.9            | Clasificación e solvencia económica e financeira, técnica ou profesional   | 13       |
| 4.9.1          | Solvencia económica e financeira .....   | 13       |
| 4.9.2          | Solvencia técnica ou profesional .....   | 13       |
| 4.10           | Criterios de adxudicación  | 14       |
| 4.10.1         | Valoración .....   | 14       |
| 4.10.2         | Valoración criterios mediante fórmula (Oferta Económica) .....   | 14       |
| 4.10.3         | Criterios de desempate .....   | 14       |
| 4.10.4         | Xustificación da idoneidade dos criterios.....   | 15       |
| 4.11           | Condicións especiais de execución de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde  | 15       |
| 4.11.1         | Terán a consideración de condicións especiais de execución do presente contrato, nos termos do artigo 202 LCSP, as seguintes: .....                            | 15       |
| 4.11.2         | Estas condicións especiais de execución, terán o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP.....                 | 16       |
| 4.11.3         | Estas condicións especiais de execución que forman parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na súa execución. ... | 16       |
| 4.12           | Modificacións previstas  | 16       |
| 4.13           | Réxime de penalidades  | 16       |
| 4.14           | Condiciones contractuais de carácter esencial  | 17       |
| <b>Anexo I</b> |  | <b>1</b> |
| <b>1</b>       | <b>IBM SPSS Statistics Premium</b>   | <b>1</b> |

|          |                              |          |
|----------|------------------------------|----------|
| 1.1      | IBM SPSS Statistics Base     | 1        |
| 1.2      | IBM SPSS Advanced Statistics | 1        |
| 1.3      | IBM SPSS Categories          | 1        |
| 1.4      | IBM SPSS Conjoint            | 1        |
| 1.5      | IBM SPSS Custom Tables       | 2        |
| 1.6      | IBM SPSS Forecasting         | 2        |
| 1.7      | IBM SPSS Regression          | 2        |
| 1.8      | IBM SPSS Bootstrapping       | 2        |
| 1.9      | IBM SPSS Missing Values      | 2        |
| 1.10     | IBM SPSS Complex Samples     | 2        |
| 1.11     | IBM SPSS Data Preparation    | 3        |
| 1.12     | IBM SPSS Direct Marketing    | 3        |
| 1.13     | IBM SPSS Exact Test          | 3        |
| 1.14     | IBM SPSS Decision Trees      | 3        |
| 1.15     | IBM SPSS Neural Networks     | 3        |
| <b>2</b> | <b>IBM SPSS Amos</b>         | <b>4</b> |

## 1 Órgano de contratación

O presidente do Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a Xestión Universitaria (Consorcio CIXUG) de conformidade co disposto no artigo 22 dos seus estatutos.

## 2 Expediente e características

|  |                 |
|--|-----------------|
| <b>Expediente</b>                                | CX-24-01        |
| <b>Cualificación do contrato</b>                 | Subministración |
| <b>Procedemento de adxudicación</b>              | Aberto          |
| <b>Contrato suxeito a regulación harmonizada</b> | Non             |
| <b>Financiado con Fondos Europeos</b>            | Non             |

## 3 Consideracións Legais

1. Resulta de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español, as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolven. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, no seu caso, as normas de dereito privado.
2. Este informe emítese co obxecto de xustificar a necesidade e idoneidade da contratación á que se fixo referencia con anterioridade, así como a insuficiencia de medios, todo iso ao amparo do disposto nos artigos 28 e 116 da LCSP.

## 4 Características da Licitación

### 4.1 Obxecto do Contrato

O obxecto do contrato é a contratación de 116 CVUs (Campus Value Units) dos produtos IBM SPSS Statistics Premium e 102 CVUs IBM SPSS Amos, ambos produtos, Campus Edition, ou equivalente, que lle permitan obter os dereitos de despregue, uso e soporte para as Universidades que forman parte do Consorcio CIXUG (Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), en diante as Universidades do SUG, no período 2024 ao 2027.

Especificamente, a través do presente proceso perséguese:

- Contratar 116 SPSS e 102 CVUs Amos para dar cobertura a un número estimado, para as tres Universidades do SUG, de 49.000 estudantes, a través dunha concorrência de 450 licenzas SPSS (dos produtos indicados no seguinte apartado) concorrentes e 3.000 autorizadas e 150 licenzas AMOS concorrentes e 50 autorizadas. Todo isto para os usuarios das tres universidades, os cales poden utilizar diferentes versións dos produtos indicados que teñan soporte de

- IBM.
- Contratar os produtos IBM SPSS Statistics Premium Campus Edition e IBM Amos Campus Edition, ou equivalente, incluíndo todos os módulos detallados a continuación (ou equivalentes):
    - IBM SPSS Statistics Premium
      - IBM SPSS Statistics Base
      - IBM SPSS Advanced Statistics
      - IBM SPSS Categories
      - IBM SPSS Conjoint
      - IBM SPSS Custom Tables
      - IBM SPSS Forecasting
      - IBM SPSS Regression
      - IBM SPSS Bootstrapping
      - IBM SPSS Missing Values
      - IBM SPSS Complex Samples
      - IBM SPSS Data Preparation
      - IBM SPSS Direct Marketing
      - IBM SPSS Exact Test
      - IBM SPSS Decision Trees
      - IBM SPSS Neural Networks
    - IBM SPSS Amos
  - Ofrecer os devanditos produtos e módulos, detallados no punto anterior, a todas as persoas participantes da comunidade universitaria. Principalmente ao profesorado, persoal investigador, persoal administrativo e alumnado, para ser utilizados en calquera instalación da universidade, incluíndo salas de estudo, salas de informática, despachos de persoal docente e de investigación, entre outras, sempre dentro das actividades académicas e de investigación sen fins de lucro.
  - Poder utilizar os produtos e módulos nos domicilios do persoal docente e investigador e do alumnado, de xeito ilimitado en equipos de propiedade das Universidades do SUG ou dos usuarios da comunidade universitaria.
  - Ter a posibilidade de instalar diferentes versión do produto en cada unha das universidades, dependendo da necesidade particular de cada universidade.
  - Dispor deste servizo as 24 horas do día, 7 días á semana e os 365 días do ano.
  - Poder xestionar a asignación de licenzas, das diferentes Universidades do SUG, de xeito dinámico por universidade e por versión do produto requirido, a través de ferramentas proporcionadas polo provedor, pero administradas polo persoal do CIXUG e/ou das Universidades do SUG sen a necesidade de participación do provedor.

#### 4.2 División por lotes

Non.

#### 4.2.1 Xustificación

Actualmente, o CIXUG a través da contratación por tres anos realizada en xullo do 2021 achega ás tres universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia, en diante as Universidades do SUG, as licenzas dos produtos IBM SPSS Statistics Premium e IBM SPSS Amos que requiren no seu desenvolvemento didáctico e investigador.

Dado que:

- As tres Universidades do SUG necesitan contar cun programa estatístico para utilizar nas áreas técnicas, de ciencias sociais e aplicadas, tanto para a docencia, como para a investigación.
- IBM SPSS/Amos é a referencia mundial no campo de software estatístico.
- Durante moitos anos docentes e investigadores das Universidades do SUG, incorporaron este produto no seus planes de formación, modelos de simulación dos grupos de investigación, carteira de exercicios de múltiples materias.
- As tres Universidades do SUG requiren facer contratacións de servizos similares.
- Actualmente está vixente un contrato por tres anos que abarca as tres universidades do SUG.
- O proceso de contratación individual pode requiren moito esforzo por parte do persoal TIC e de contratación de cada unha das Universidades do SUG.
- Os produtos poden ser contratados de xeito consolidado, e a contratación consolidada pode permitir un aforro no proceso de licitación e compra.
- A contratación pode realizarse por un período de tres anos.

Acordouse xestionar a contratación, a través do Consorcio Interuniversitario Cixug, dos produtos e cantidades indicados anteriormente, en parte do 2024, todo o 2025 e 2026 e parte do 2027. Para elo se levará a cabo un proceso de contratación de tres anos.

#### 4.2.2 Idoneidade do obxecto da licitación para satisfacer a necesidade

O software SPSS é o indicado para cubrir a demanda, ao cumprir cos requisitos detallados no apartado 4.1, Obxecto do Contrato . Está considerado o software estatístico líder mundial utilizado en empresas, administracións públicas, organizacións académicas e de investigación. Nas universidades é amplamente utilizado nas áreas de coñecemento asociadas aos graos de Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Enxeñerías.

O SPSS é un produto que xa conta cunha ampla variedade de módulos utilizados nos diferentes centros e departamentos das Universidades do SUG, tanto para as áreas de investigación, como académicas.

Tras distintas consultas e a análise de distintas opcións tecnolóxicas non se identificaron solucións similares en canto ás ferramentas básicas, especializadas e librarías específicas en diferentes campos do coñecemento asociado ao ámbito estatístico. Existe unha opción de Software Libre chamada R, pero cun alcance moito mais limitado e tamén amplamente divulgado dentro das Universidades do SUG. Como obxectivo

prioritario da divulgación do coñecemento, as universidades presentan todas as opcións dispoñibles neste área, ca claridade que o software mais completo e amplamente utilizado en todos os ámbitos profesionais é o SPSS.

No caso de R, si existen algunhas librarías que ten SPSS, pero o seu rendemento é menor ou simplemente moi limitado. En todo caso, de contar con algunha opción, inexistente na actualidade, a curva de aprendizaxe, o desenvolvemento das novas guías docentes, o rediseño das materias a esa nova ferramenta, adaptación dos desenvolvementos en laboratorios e grupos de investigación farían inviable a súa implantación nun tempo menor a dous o tres anos. Isto tamén retiraría da actividade docente un produto líder no mercado, amplamente utilizado na industria e que minguaría as opcións de empregabilidade do alumnado titulado en carreiras científicas e técnicas.

#### 4.3 Reserva de lotes a centros especiais de traballo e empresas de inserción laboral

Non.

#### 4.4 Insuficiencia de medios

Nin o CIXUG, nin as Universidades do SUG, dispoñen dos medios necesarios nin do persoal coa especialización requirida para cubrir os servizos requiridos coas garantías necesarias.

Faltan, ademais, as ferramentas de traballo propias para desenvolver estes servizos. Aos efectos de idoneidade do obxecto e contido do contrato, as necesidades que se pretenden cubrir son as que se indican expresamente no presente documento e no Prego de Prescricións Técnicas.

#### 4.5 Réxime económico

##### 4.5.1 Orzamento base de licitación

| Importe de licitación | Tipo IVE aplicable: 21% | Orzamento base de licitación |
|-----------------------|-------------------------|------------------------------|
| IVE excluído          | Importe IVE             | IVE incluído                 |
| <b>89.023,50 €</b>    | <b>18.694,93 €</b>      | <b>107.718,43 €</b>          |

##### 4.5.2 Valor estimado do contrato

| VALOR ESTIMADO DEL CONTRATO          |                    |
|--------------------------------------|--------------------|
| Importe de licitación (IVE excluído) | <b>89.023,50 €</b> |

| <b>VALOR ESTIMADO DEL CONTRATO</b>   |                    |
|--|--------------------|
| <b>Incremento de unidades de execución</b>                                     | <b>Non aplica</b>  |
| <b>Importe das modificacións previstas (IVE excluído).</b>                     | Non aplica         |
| <b>Importe dos premios ou primas pagadoiros aos licitadores (IVE excluído)</b> | Non aplica         |
| <b>Importe das opcións eventuais (IVE excluído)</b>                            | Non aplica         |
| <b>Prórroga (IVE excluído)</b>   | Non aplica         |
| <b>Total Valor Estimado</b>  | <b>89.023,50 €</b> |

#### 4.5.3 Proceso de xustificación de prezo

##### 4.5.3.1 Fonte de datos

Para o cálculo do prezo estimado revisáronse 13 licitacións identificadas na plataforma de contratación do Estado similares e realizadas por universidades españolas ao longo dos anos 2022 e 2023.

En todos os casos, consideráronse as cantidades contratadas de licenzas do produto IBM SPSS Statistics e Amos baixo as figuras de licenzas concorrentes e autorizadas. As primeiras son as que se instalan nun servidor e os usuarios solicitan unha das licenzas concorrentes en tempo real limitando o seu uso ao alcance do límite de licenzas dispoñibles configuradas no servidor. Por outro lado, as autorizadas son licenzas individuais que se instalan directamente nas máquinas de usuarios que fan uso intensivo da aplicación e que poden utilizalas a calquera hora e sen as restricións que teñen as de uso compartido ou concorrente.

##### 4.5.3.2 Prezos estimados e de adxudicación

Segundo a investigación realizada, os prezos anuais estimados polas universidades e detallados na plataforma de contratación son os que se indican na seguinte táboa:

| <b>Universidade</b>           | <b>SPSS Conco.</b> | <b>SPSS Autor.</b> | <b>Amos</b> | <b>Estimación</b>  |
|-------------------------------|--------------------|--------------------|-------------|--------------------|
| <b>Univ. Pablo de Olavide</b> | 300                | 0                  | 0           | <b>22.500,00 €</b> |
| <b>Univ. Alicante</b>         | 150                | 0                  | 0           | <b>18.572,56 €</b> |
| <b>Univ. Illes Balears</b>    | 100                | 0                  | 0           | <b>14.200,00 €</b> |



| Universidade             | SPSS Conco. | SPSS Autor. | Amos | Estimación         |
|--------------------------|-------------|-------------|------|--------------------|
| Univ. Castilla La Mancha | 100         | 0           | 20   | <b>16.000,00 €</b> |
| Univ. Jaume I            | 100         | 0           | 50   | <b>19.786,86 €</b> |
| Univ. Salamanca          | 400         | 3.000       | 200  | <b>28.000,00 €</b> |
| Univ. Burgos             | 75          | 0           | 35   | <b>16.692,00 €</b> |
| Univ. Zaragoza           | 100         | 0           | 0    | <b>14.519,00 €</b> |
| Univ. Elche              | 100         | 0           | 50   | <b>19.600,00 €</b> |
| Univ. Polit. Madrid      | 100         | 200         | 0    | <b>17.900,00 €</b> |
| Univ. Málaga             | 200         | 0           | 25   | <b>28.980,00 €</b> |
| Univ. Valladolid         | 100         | 3.000       | 100  | <b>20.661,16 €</b> |

Por outra banda, o mesmo análise indica que os prezos resultados do proceso de licitación e que indican os prezos de adxudicación son os que se indican na seguinte táboa:

| Universidade                                 | SPSS Conco. | SPSS Autor. | Amos Conco. | Amos Autor. | Licen. Equival. |
|--|-------------|-------------|-------------|-------------|-----------------|
| <b>Equivalenza Licenza SPSS Concurrentes</b> | <b>1</b>    | <b>0,05</b> | <b>0,1</b>  | <b>0,05</b> |                 |
| Univ. Pablo de Olavide                       | 300         | 0           | 0           | 0           | <b>300,0</b>    |
| Univ. Alicante                               | 150         | 0           | 0           | 0           | <b>150,0</b>    |
| Univ. Illes Balears                          | 100         | 0           | 0           | 0           | <b>100,0</b>    |
| Univ. Castilla La Mancha                     | 100         | 0           | 0           | 20          | <b>101,0</b>    |
| Univ. Jaume I                                | 100         | 0           | 50          | 0           | <b>105,0</b>    |
| Univ. Salamanca                              | 400         | 3000        | 200         | 0           | <b>570,0</b>    |
| Univ. Burgos                                 | 75          | 0           | 35          | 0           | <b>78,5</b>     |
| Univ. Zaragoza                               | 100         | 0           | 0           | 0           | <b>100,0</b>    |
| Univ. Elche                                  | 100         | 0           | 50          | 0           | <b>105,0</b>    |
| Univ. Polit. Madrid                          | 100         | 200         | 0           | 0           | <b>110,0</b>    |
| Univ. Málaga                                 | 200         | 0           | 25          | 0           | <b>202,5</b>    |
| Univ. Valladolid                             | 100         | 3000        | 50          | 50          | <b>257,5</b>    |

#### 4.5.3.3 Equivalencias consideradas

Para os seguintes análises, dado que:

- As ofertas non diferencian entre as licenzas de SPSS e Amos, nin entre as concurrentes e autorizadas.
- Que en todas as licitacións consideran sempre o uso de licenzas SPSS concurrentes.

Fíxose unha equivalencia a partir do peso e importancia dos diferentes tipos de licenzas e produtos tendo como referencia as licenzas de SPSS concorrentes de tal xeito que:


- Unha licenza de SPSS Concorrente considérase a unidade.
- Unha licenza de SPSS Autorizada equivale a 0,05 SPSS Concorrente.
- Unha licenza de AMOS Concorrente equivale a 0,10 SPSS Concorrente.
- Unha licenza de AMOS Autorizada equivale a 0,05 SPSS Concorrente.

A partir de estas referencias fixéronse os cálculos de licenzas totais equivalentes obténdose os resultados que se indican na seguinte táboa.

| Universidade                                  | SPSS Concu. | SPSS Autor. | Amos Concu. | Amos Autor. | Licen. Equival. |
|---|-------------|-------------|-------------|-------------|-----------------|
| <b>Equivalencia Licenza SPSS Concorrentes</b> | <b>1</b>    | <b>0,05</b> | <b>0,1</b>  | <b>0,05</b> |                 |
| <b>Univ. Pablo de Olavide</b>                 | 300         | 0           | 0           | 0           | <b>300,0</b>    |
| <b>Univ. Alicante</b>                         | 150         | 0           | 0           | 0           | <b>150,0</b>    |
| <b>Univ. Illes Balears</b>                    | 100         | 0           | 0           | 0           | <b>100,0</b>    |
| <b>Univ. Castilla La Mancha</b>               | 100         | 0           | 0           | 20          | <b>101,0</b>    |
| <b>Univ. Jaume I</b>                          | 100         | 0           | 50          | 0           | <b>105,0</b>    |
| <b>Univ. Salamanca</b>                        | 400         | 3000        | 200         | 0           | <b>570,0</b>    |
| <b>Univ. Burgos</b>                           | 75          | 0           | 35          | 0           | <b>78,5</b>     |
| <b>Univ. Zaragoza</b>                         | 100         | 0           | 0           | 0           | <b>100,0</b>    |
| <b>Univ. Elche</b>                            | 100         | 0           | 50          | 0           | <b>105,0</b>    |
| <b>Univ. Polit. Madrid</b>                    | 100         | 200         | 0           | 0           | <b>110,0</b>    |
| <b>Univ. Málaga</b>                           | 200         | 0           | 25          | 0           | <b>202,5</b>    |
| <b>Univ. Valladolid</b>                       | 100         | 3000        | 50          | 50          | <b>257,5</b>    |

#### 4.5.3.4 Cálculo da fórmula prezo segundo o Prezo de Adxudicación

Cos datos indicados anteriormente procédese a xeración da seguinte gráfica a partir dos datos asociados as licenzas equivalentes, calculadas na táboa anterior, e os prezos de adxudicación:



Na gráfica pode observarse que a maior concentración de ofertas encóntranse ao redor de 100 licenzas dado que unha boa parte das universidades solicitaron 100 licenzas SPSS Concorrentes con pequenas variacións. O caso máis á dereita da gráfica corresponde á Universidade de Salamanca que fixo un requirimento de licenzas dos catro tipos indicados anteriormente.


Na gráfica, tamén se indica a liña de tendencia de grao un que termina sendo unha recta de pendente 14,791€/Licenza e que corta o eixe "X" en 11.544,00 €. Pode observarse que unha boa representación das ofertas de adjudicación gardan unha relación directa coas licenzas equivalentes estimadas anteriormente, polo que a fórmula obtida representa con bastante fiabilidade o comportamento dos prezos de adjudicación con relación cas licenzas solicitadas. Finalmente a ecuación obtida neste cálculo é a seguinte:

$$\text{Prezo Ofertado} = 11.544,00\text{€} + 14,791 * NLE$$

... sendo **NLE** o Número de Licenzas Equivalentes solicitadas.

#### 4.5.3.5 Cálculo da fórmula de prezo segundo o Prezo de Estimación

A gráfica que a continuación se indica é o resultado de presentar os prezos estimados polas universidades a partir das licenzas equivalentes calculadas anteriormente:



Ao facer o análise da gráfica encóntrase que o prezo estimado polas universidades é significativamente superior aos prezos ofertados polos provedores.

A ecuación que representa a liña de tendencia ten a seguinte ecuación:


$$\text{Prezo Ofertado} = 15.528,00\text{€} + 24,923 \left(\frac{\text{€}}{\text{nle}}\right) * NLE$$

... sendo **NLE** o Número de Licenzas Equivalentes solicitadas.

Tanto a pendente da recta que representa o coste estimado por licenza e o punto de corte do eixe "X" son significativamente superiores polo que existen diferenzas importantes entre os prezos estimados e os prezos obtidos nas ofertas dos provedores que resultan gañadoras.

#### 4.5.3.6 Relación entre Prezos Estimados e Prezos de Adxudicación

Para confirmar o anteriormente indicado xerase unha gráfica coa relación entre prezos estimados e prezos de adxudicación.



O que indica a gráfica é que, na media, as ofertas presentadas gañadoras presentan unha redución entre 25% e 30% por debaixo do prezo de saída.

#### 4.5.3.7 Cálculo número de licenzas equivalentes

O obxectivo da licitación é contratar 116 SPSS e 102 CVUs Amos para dar cobertura a un número estimado, para as tres Universidades do SUG, de 49.000 estudantes, a través dunha concorrência de 450 licenzas SPSS (dos produtos indicados no seguinte apartado) concorrentes e 3.000 autorizadas e 150 licenzas AMOS concorrentes e 50 autorizadas. Todo isto para os usuarios das tres universidades, os cales poden utilizar diferentes versións dos produtos indicados que teñan soporte de IBM.

A partir da información anterior e da relación entre os diferentes tipos de licenzas o cálculo das licenzas equivalentes:

$$\text{Número de Licenzas SPSS Equivalentes} = NLE$$

$$NLE = 450(SPSS. Conc.) * 1 + 3000(SPSS. Auto) * 0,05 + 200(Amos. Conc.) * 0,1 + 50(Amos. Auto) * 0,05$$

$$NLE = 450 + 150 + 20 + 2,5$$

$$NLE = 622,50$$

O número de licenzas SPSS Equivalentes a utilizar será de 622,50.

#### 4.5.3.8 Estimación segundo a fórmula de Prezo Adxudicado

Para calcular o monto estimado para a licitación sen impacto do crecemento dos prezos faise a partir da fórmula identificada no apartado 4.5.3.1 que relaciona o Prezo Ofertado co Número de Licenzas Equivalentes

$$\text{Prezo Adxudicación} = 11.544,00\text{€} + 14,791 * NLE$$

Ao incorporar o Número de Licenzas Equivalente (NLE) calculada no apartado anterior o valor é:

$$\text{Prezo Adxudicación} = 11.544,00 \text{ €} + 14,791 \text{ €/NLE} * 622,50 \text{ NLE}$$

O resultado é:

$$\text{Prezo Adxudicación} = \mathbf{20.751,40 \text{ €}}$$

#### 4.5.3.9 Incorporación axuste por diferenzas entre prezo adxudicación e estimación

Incorporando o porcentaxe identificado no apartado 4.5.3.2 de un 30% de diferenza entre prezo ofertado e estimado, ao dato encontrado anteriormente o resultado é o seguinte:

$$\text{Prezo a Ofertar } x \text{ diferenzas} = 20.751,40 \text{ €} * (1 + 30\%)$$

$$\text{Prezo a Ofertar } x \text{ diferenzas} = \mathbf{26.976,82 \text{ €}}$$

#### 4.5.3.10 Incorporación axuste por inflación

Os datos extraídos da plataforma de licitación corresponden ao ano 2022 e 2023. Adicionalmente, os prezos a incorporar á estimación deben contar con un axuste por inflación dos anos 2025 e 2026 para poder ter cantidades similares ao longo dos tres anos do contrato. É por todo elo que considérase axeitado incorporar un 10% (3,5% IPC 2024, 3% no 2025 e 2026), adicional polo impacto de traer os resultados dos datos 2022 e 2023 a valores homologables do 2024, así como o impacto da inflación dos anos seguintes (2025 e 2026) nos prezos a contratar que se manterán estables ao longo dos tres anos. Sendo 10% un valor aproximado para incorporar o IPC dos anos anteriormente indicados:

$$\text{Prezo final estimación} = 26.976,82 \text{ €} * (1 + 10\%)$$

$$\text{Prezo final estimación} = \mathbf{29.674,50 \text{ €}}$$

Dado o resultado anteriormente indicado, e as necesidades de licenzas por universidade os datos son:

| Universidade           | Base Orixinal 2024 | Axustes Interanual x Inflación |
|------------------------|--------------------|--------------------------------|
| Da SUG                 |                    | 10%                            |
| A Coruña               | 4.189,17 €         | 4.608,09 €                     |
| Santiago de Compostela | 14.698,21 €        | 16.168,03 €                    |
| Vigo                   | 8.089,43 €         | 8.898,38 €                     |
| <b>Total</b>           | <b>26.976,82 €</b> | <b>29.674,50 €</b>             |

Pola xustificación e argumentación anterior, o prezo do presente contrato fixouse a tanto alzado, partindo de proxeccións de prezos de mercado para o produto de software que se pretende contratar, e comprende a totalidade dos gastos aos que terá que facer fronte o adxudicatario tanto para atender á subministración en si mesmo, como para a súa instalación no caso de licenzas en rede, así como para o aseguramento dos traballos de soporte, incluída a parte correspondente a beneficios e gastos xerais. Polo tanto, o sistema de determinación do prezo, a efectos do seu abono polo contratista, é de tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 309 da LCSP.

#### 4.5.4 Expediente de tramitación anticipada

Condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os anos 2024, 2025 e 2026.

#### 4.5.5 Distribucións anuais

| Distribución de Anualidades |                    |
|-----------------------------|--------------------|
| Anualidade 2024             | 29.674,50 €        |
| Anualidade 2025             | 29.674,50 €        |
| Anualidade 2026             | 29.674,50 €        |
| <b>Total Valor Estimado</b> | <b>89.023,50 €</b> |

#### 4.5.6 Prezo

Tivéronse en conta adxudicacións similares doutros Organismos Públicos e

cotizacións de empresas do sector para o servizo solicitado.

#### 4.6 Duración do Contrato

Tres anos, a contar dende a data de formalización do contrato.

#### 4.7 Esixencia de garantía provisional

Non se esixe.

#### 4.8 Procedementos de adxudicación

Tramitación ordinaria.

A adxudicación deste procedemento realizarase mediante procedemento aberto de conformidade co previsto nos artigos 131, 156 e 158 da LCSP. Todo iso co obxecto de garantir a publicidade, concorrencia, igualdade e transparencia.

#### 4.9 Clasificación e solvencia económica e financeira, técnica ou profesional

##### 4.9.1 Solvencia económica e financeira

###### 4.9.1.1 Solvencia esixida

Considerarase solvente o licitador que declare que o ano de maior volume anual de negocios, dos tres últimos anos concluídos, é igual ou superior ao orzamento base de licitación multiplicado por 1,5.

###### 4.9.1.2 Xustificación do criterio establecido

Garantir a adxudicación do contrato a unha empresa solvente, con recursos suficientes e capacidade económica e financeira para executar o contrato ata a súa finalización.

##### 4.9.2 Solvencia técnica ou profesional

###### 4.9.2.1 Solvencia esixida

A solvencia técnica acreditarase mediante a achega dun mínimo de 5 contratos, iguais ou similares, que se formalizaron con outras universidades e/ou centros de ensino superior dentro da Unión Europea, no últimos tres anos. Isto xustifícase na necesidade de comprobar a funcionalidade e operatividade da plataforma no mundo universitario.

No caso de que o contratista sexa unha empresa de nova creación, acreditarase conforme ao establecido no artigo 89.1.h) da LCSP.

###### 4.9.2.2 Xustificación do criterio establecido

Garantir que os licitadores contén coa experiencia suficiente en canto á capacidade técnica e volume de traballo nas prestacións obxecto do contrato e nos termos que establece Consorcio CIXUG no prego de prescricións técnicas.



#### 4.10 Criterios de adxudicación

##### 4.10.1 Valoración

A valoración global das propostas dos licitadores obterase, unicamente, pola valoración da oferta económica, mediante fórmula matemática.

- Valoración criterios mediante fórmula (Oferta económica): 100% da valoración. Entre 0 e 100 puntos globais.

##### 4.10.2 Valoración criterios mediante fórmula (Oferta Económica)

Ata un máximo de 100 puntos:

$$P_v = \left[ 1 - \left( \frac{O_v - O_m}{IL} \right) \times \frac{1}{M} \right] \times P$$

.. onde:

- $P_v$  = Puntuación oferta valorada
- $O_v$  = Oferta a valorar (en euros)
- $O_m$  = Mellor oferta (en euros)
- $IL$  = Importe da licitación
- $M$  = Factor de Modulación = 1
- $P$  = Puntuación máxima = 100

O Factor de Modulación para esta licitación será de 1 (Un).

##### 4.10.3 Criterios de desempate

No suposto en que se produza un empate entre dous ou máis ofertas, aos efectos de liquidar o devandito empate, a proposta de adxudicación realizarase a favor da empresa licitadora que acredite as circunstancias seguintes e pola orde establecida a continuación:

- a) Número de persoas traballadoras con discapacidade superior ao 2 por 100 nos termos do artigo 142.1 a) da LCSP, así como conforme ao previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social. No caso de que varias empresas se atopen nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do contrato a licitadora que acredite maior porcentaxe de persoas traballadoras fixas discapacitadas no seu cadro de persoal.
- b) Acreditación da implantación dun plan de igualdade conforme ao establecido na normativa reguladora dos mesmos.
- c) Acreditación da obtención da marca galega de excelencia en igualdade conforme ao artigo 111 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

- d) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- e) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- f) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

#### 4.10.4 Xustificación da idoneidade dos criterios

A utilización do prezo como único criterio de adxudicación xustifícase en que o produto a adquirir está perfectamente definido no PPT e non é posible variar os seus prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato. É un produto comercial que conta con especificacións técnicas e funcionalidades ben definidas e que non require ningún tipo de adaptación ás posibles necesidades específicas de CIXUG e as Universidades do SUG.

É dicir, o software hase de adquirir tal cal o ofertan no mercado, sen requirir de adaptacións específicas ás necesidades propias do CIXUG e das Universidades do SUG.

#### 4.11 Condicións especiais de execución de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde

4.11.1 Terán a consideración de condicións especiais de execución do presente contrato, nos termos do artigo 202 LCSP, as seguintes:

##### 4.11.1.1 Adscrición á execución do contrato dos medios indicados na oferta

O equipo técnico que terá que ser incorporado tras a formalización do contrato para a execución dos traballos deberá estar formado polos compoñentes e perfís relacionados na oferta adxudicataria e consecuentemente valorados e de acordo ao compromiso e a adscrición efectiva de medios persoais e materiais.

No caso de modificación ou substitución de recursos, deberá comunicalo previamente ao responsable do contrato coa antelación necesaria e, en calquera caso, polo menos con 10 días naturais de antelación á realización do cambio de recurso, o responsable do contrato aprobará ou rexeitará a dita modificación ou substitución. En todo caso, o substituto ou substitutos terán un perfil igual ou superior ao ofertado ou ao recurso a substituír.

Tramitarase o seguinte procedemento de substitución:

- a) Notificación por escrito ao responsable do contrato da substitución con detalle dos motivos que a orixinan.
- b) Anexo á notificación anterior no que se achegará un CV da persoa substituta con detalle da súa cualificación.
- c) Aceptación da persoa substituta por parte do responsable do contrato.

O órgano de contratación poderá solicitar o cambio dos recursos asignados á execución do contrato por inadecuación ou por incumprir os requisitos tanto de solvencia como técnicos esixidos, ou ter declarado o contratista unhas circunstancias que non son veraces podendo, nese caso, proceder a resolución do contrato.

#### 4.11.1.2 Condicións en relación coas condicións laborais mínimas

Constitúe condición esencial de execución o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, seguridade social e seguridade e saúde no traballo que sexan aplicables ás persoas traballadoras vinculadas á execución do contrato.

Será obriga da entidade contratista en relación co persoal que executará o contrato, o abono do salario e aplicar as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo aplicable do ámbito máis inferior existente no sector no que se encadra a actividade do contratista, salvo que teña recoñecidas outras condicións mellores a título individual ou por outros convenios e/ou pactos de empresa que sexan de aplicación.

A empresa contratista comprométese a facilitar, durante a execución do contrato, canta información se lle requira polo órgano de contratación sobre as condicións de traballo que se apliquen efectivamente ás persoas traballadoras que realicen a actividade obxecto do contrato.

#### 4.11.1.3 Fomento de accións que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar

O contratista deberá establecer medidas que favorezan a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das persoas traballadoras que leven a cabo a execución do presente contrato.

#### 4.11.1.4 Condicións con relación á subcontratación

En caso de subcontratación, o contratista asume a total responsabilidade da execución do contrato fronte a CIXUG con arranxo ao previsto nos pregos e no contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia social e laboral.

O contratista deberá comunicar ao órgano de contratación a subcontratación que pretenda levar a cabo de conformidade co disposto no artigo 215 da LCSP.

4.11.2 Estas condicións especiais de execución, terán o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP.

4.11.3 Estas condicións especiais de execución que forman parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na súa execución.

#### 4.12 Modificacións previstas

O presente contrato poderá modificarse por razóns de interese público cando sexa necesario para dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria. As ditas modificacións poderán ter por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución. Todo iso de conformidade co disposto no artigo 204 da LCSP.

#### 4.13 Réxime de penalidades

Nesta contratación establécense penalidades para os seguintes incumprimentos:

1. Prazos de execución.
2. Cumprimento defectuoso ou incumprimento parcial das prestacións.

3. Compromiso de adscrición de medios ao contrato.
4. Condicións especiais de execución.
5. Obrigas establecidas en materia de subcontratación.
6. Compromisos asumidos a través da oferta que se tomaron en consideración como criterio de valoración.
7. Obrigas en materia ambiental, social ou laboral recollidas nos pregos.

#### **4.14 Condicións contractuais de carácter esencial**

As condicións contractuais esenciais serán todas aquelas cuxo incumprimento poida xustificar a resolución do contrato.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica,

**D. Antonio López Díaz**  
**Presidente**

# Anexo I

Produtos, módulos e características primordiais

## 1 IBM SPSS Statistics Premium

### 1.1 IBM SPSS Statistics Base

- Descriptive statistics
- Prediction models
- Data preparation
- Correlations
- Classification
- Bootstrapping
- Graphs and charts
- Output options

### 1.2 IBM SPSS Advanced Statistics

- General linear models (GLM)
- Generalized linear models (GENLIN)
- Linear mixed models/hierarchical linear models (HLM)
- Generalized estimating equations (GEE) procedures
- Generalized linear mixed models (GLMM)
- Survival analysis procedures

### 1.3 IBM SPSS Categories

- Analyze differences between categories
- Incorporate supplementary information
- Uncover associations and relationships
- Easily work with categorical data
- Use categorical regression procedures
- Take advantage of optimal scaling
- Present your results clearly using perceptual maps
- Get these optimal scaling and dimension reduction techniques

### 1.4 IBM SPSS Conjoint

- Save time and money with Orthoplan
- Rank respondents' preferences
- Generate charts and get results
- Design more effective sample surveys
- See all module features in license versions
- Compare different SPSS Statistics packages

### 1.5 IBM SPSS Custom Tables

- Graphical user interface
- Summary statistics
- Content control
- Table output
- Access to a range of features

### 1.6 IBM SPSS Forecasting

- Guided analysis for novice users
- More options for experienced analysts
- Model management
- Tailored to your business

### 1.7 IBM SPSS Regression

- Binary logistic regression
- Logit response models
- Multinomial logistic regression
- Nonlinear regression
- Probit response analysis
- Two stage least squares
- Weighted least squares
- Quantile regression

### 1.8 IBM SPSS Bootstrapping

- Estimate standard errors and confidence intervals
- Test stability of analytical models, procedures across SPSS
- Easily control the number of bootstrap samples
- Gain a more complete view of your data

### 1.9 IBM SPSS Missing Values

- Multiple imputation procedure
- Multiple imputation analysis
- Summary of missing values
- Variable summary and missing value patterns

### 1.10 IBM SPSS Complex Samples

- Accurate analysis of survey data
- Regressions and general linear models
- Wizards
- Sample design information
- See all Module features in license versions
- Compare different SPSS Statistics packages

### 1.11 IBM SPSS Data Preparation

- Variables tab
- Basic checks
- Standard and custom rules
- Recommendations
- Prepare data in a single step — automatically
- Additional options for data preparation
- Access to a range of features
- Bin or set cut points for scale variables

### 1.12 IBM SPSS Direct Marketing

- Identify the right contacts and improve campaign ROI
- Get an all-in-one marketing analysis
- Easily uncover customer groups
- Connect to Salesforce.com for further insight
- Easily uncover customer groups
- Access to a range of features
- Easily get started with SPSS Direct Marketing

### 1.13 IBM SPSS Exact Test

- Get the tests and statistics you need
- Ensure you have the right statistical test for your data
- Easily interpret and apply exact tests
- Eliminate risk of inaccurate tests
- Get access to a range of features
- Easily get started with SPSS Exact Tests

### 1.14 IBM SPSS Decision Trees

- Tree classification model
- Validation and analysis
- Evaluation features
- Export capabilities
- CHAID algorithm
- Exhausted CHAID algorithm
- Access complete list of features
- Classification and regression tree algorithm
- QUEST algorithm

### 1.15 IBM SPSS Neural Networks

- Nonlinear procedures
- Network visualization
- Graphical displays

- Control the process
- Combine with other procedures

## **2 IBM SPSS Amos**

- Easy data entry
- Access to a range of features
- Structural equation modeling
- Compare different SPSS Statistics edition

